UNIDADE 10: A RUPTURA DA TRADICIÓN: A ARTE NA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XX

EXERCICIOS DE APOIO.

1. **As seguinte imaxes son obras representativas da arquitectura do século XIX. Identifica cada unha delas, así coma o seu autor e o estilo ao que pertence.**

	Obra 1: **Autor:** **Estilo:**
	Obra 2: **Autor:** **Estilo:**
	Obra 3: **Autor:** **Estilo:**
	Obra 4: **Autor:** **Estilo:**

2. Relaciona as seguintes obras cos seus autores:



MATISSE

KANDINSKY

PICASSO

PIET MONDRIAN

KIRCHNER

JOAN MIRÓ

MASIDE

SALVADOR DALÍ:







3. **Os seguinte termos designan conceptos básicos da arte da primeira metade do século XX; explica en que consisten.**

DADAÍSMO:
CUBISMO ANALÍTICO:
FUTURISMO:
MOVEMENTO MODERNO:
AS PRIMEIRAS VANGARDAS:

4. **As seguintes frases concordan con aspectos ou característica básicas dalgún dos movementos de vangarda, artistas, obras ou estilos arquitectónicos deste período. Léeas con atención, e identifica a quen ou que se refire cada unha delas.**

a) *Xurde en Alemaña, en 1905, a partir dun grupo de pintores que reivindicaban a expresión, a carga emotiva do tema de representación".*

b) *Cuestionará o valor da obra de arte realizando unha práctica artística que busca a polémica a ironía e a provocación coa fin de desmitificar todos os valores establecidos; calquera manifestación pode ser considerada arte*

c) *A súa planta é cadrada, e íllase do chan mediante pilotes, e nela sitúase un amplo vestíbulo; na primeira planta sitúase a vivenda, que está rodeada por unha gran terraza, e a cuberta, na que se atopa un xardín, ten unha fina capa de formigón con formas curvas.*

d) *Desenvolve o método que el mesmo define coma crítico-paranoico, no que representa obxectos e persoas en asociacións insólitas, descontextualizadas, e sobre grandes espazos baleiros de atmosferas oníricas.*

e) *Supón, en parte, unha reacción contra o exceso ornamental do Modernismo, e o Eclecticismo, propoñendo mirar cara o progreso industrial e técnico e supeditar a forma á función.*

f) *As súa sobras son auténticas obras-manifesto da nova pintura ao reivindicar o uso subxectivo da cor, aplicado de maneira contrastada e en tintas planas, e o uso da liña para delimitar formas simples e planos de cores.*

g) *A composición e figuras das súas obras teñen un forte influencia do expresionismo, e a nota peculiar de estaren tratadas coma se fosen bonecos, en temáticas costumistas tratadas de xeito lúdico e grotesco.*

h) *É unha tendencia dentro do Movemento Moderno, que engade a busca da humanización da arquitectura empregando formas máis orgánicas e integrando os edificios na natureza que os rodea.*

i) *Proporá un sistema de aprendizaxe innovador, na que os alumnos recibirán unha formación integral técnica e artística en tódolos campos, coa intención de conciliar o mundo da arte e o da produción industrial.*

SOLUCIÓNS

1.

Obra 1: Edificio da Bauhauss en Dessau (1925-26) **Autor:** Gropius. **Estilo:** Funcionalismo da Bauhaus
Obra 2: Casa da Fervenza, 1936. **Autor:** Frank Lloyd Wright **Estilo:** Arquitectura organicista.
Obra3: Vila Savoia (1928-30) **Autor:** Le Corbusier. **Estilo:** Funcionalismo
Obra 4: Pavillón de Alemaña para a Exposición Internacional de Barcelona **Autor:** Mies van der Rohe,1929. **Estilo:** Funcionalismo da Bauhaus

2.

1. KIRCHNER
2. PICASSO
3. KANDINSKY
4. JOAN MIRÓ
5..MASIDE
6. SALVADOR DALÍ
7. PIET MONDRIAN
8. MATISSE

3.

Dadaísmo: O Dadaísmo, é un movemento de arte de vangarda que xurde como unha contestación total de todos os valores, incluído a arte mesma. Aparece case ao mesmo tempo, en 1916, en Nova York (Duchamp, Picabia e o fotógrafo Man Ray) e Zúric (o *Cabaret Voltaire* de Tristan Tzara), no contexto de I Guerra Mundial, que puxo en crise toda a cultura internacional, e cuestiona o marco conceptual da arte e da literatura de antes da Guerra. Estes artistas polemizarán sobre o valor da obra de arte realizando unha práctica artística antiartística, que buscará desmitificar todos os valores establecidos e demostrar a imposibilidade e a non-vontade de calquera relación entre a arte e a sociedade.A nivel formal, como consecuencia do anterior, se aceptarán tódalas técnicas e medios expresivos: O *collage*, a *fotomontaxe*, e os obxectos atopados, clave da arte Dadá: como as máquinas imaxinarias ou O "Ready-made",

Cubismo Analítico: É unha das etapas do movemento cubista, desenvolvido entre (1908-11) por Picasso ou Braque; a súa característica formal é a multiplicación dos planos de descomposición dos obxectos, explorando a construción da forma e a

relación co espazo; empregan, para elo, cores apagadas. Como experimentación, e método de traballo, segue presente na obra dos artistas cubistas e postcubistas.

Futurismo: Foi un movemento literario e artístico cunha base ideolóxica centrada no carácter de simultaneidade e velocidade da vida contemporánea, e rexeitamento ao pasado, á tradición. Xorde en Italia no primeiro decenio do S. XX mentres o Cubismo aparece en Francia, e xira ao redor da figura de Marinetti, quen publica en 1909 o *Manifesto Futurista*. Plasticamente ten como característica principal o dinamismo e o movemento, transmitido en vibrantes composicións de cor; a representación do movemento baseouse no simultaneísmo, é dicir, multiplicación das posicións dun mesmo corpo, plasmando as liñas de forza ou a repetición de perfís; dentro do futurismo traballarán artistas como Carrá, Boccioni, Balla ou Severini

Movemento Moderno: O Movemento Moderno constitúe a vertente arquitectónica de todo o proceso crítico de revisión da a arte do pasado efectuado a comezos do século XX; é unha corrente construtiva que rompe formal e conceptualmente cos modelos arquitectónicos do pasado, e que propón unha nova arquitectura, que responda as necesidades do mundo contemporáneo. O Funcionalismo e a Arquitectura Orgánica, encádranse dentro do movemento Moderno, do mesmo xeito que a consolidan como proxecto arquitectónico dominante internacionalmente dende os anos vinte.

As primeiras Vangardas: As vangardas históricas, ou primeiras vangardas, constitúen as novas propostas artísticas, a miúdo de corta duración pero de gran forza innovadora que xorden na primeira metade do século XX abrindo novas vías á creación artística. Ás veces con linguaxes semellantes, outras con fórmulas opostas, todos estes movementos artísticos compartirán un espírito de renovación que pasa por unha ruptura coa tradición artística do pasado, o rexeitamento aos valores establecidos polas elites socioculturais, e a concepción autónoma da obra da arte, fonte de experimentación e polémica. No ano 1905 aparecen o *Fauvismo e o Expresionismo* e tras eles, o *Cubismo* (1907), o *Futurismo* (1909) e a *Abstracción* (1910), o *Dadaísmo* (1924) e o *Surrealismo*, que son os principais movementos vangardistas.

3.

a)O Grupo expresionista Die Brücke.
b)O Dadaísmo
c) Vila Savoia, de Le Courbusier
d)Salvador Dalí, dentro do Surrealismo figurativo.
e) O Funcionalismo arquitectónico..
f) A obra de Matisse, dentro do Fauvismo.
g) Laxeiro, dentro das Vangardas galegas.
h) Arquitectura Orgánica.
i).A ideoloxía da Bauhaus.